


<b>Materia/Área</b>	Segunda Lingua Estranxeira Francés	 CPI de ATIOS Valdoviño
<b>Profesor/a</b>	Laura M. Fernández Sánchez.	
<b>Curso</b>	4º ESO	

### CONTIDOS:

1ª Avaliación: A paisaxe: descrición e expresión da obriga. As tarefas domésticas e a interrogación. A comparación, o peso e as medidas. Os adverbios de modo e as expresións de cortesía; os pronomes demostrativos e os relativos *qui, que, où, dont*. Repaso dos tempos do indicativo e uso do imperfecto. A personalidade e a expresión da causa. O condicional.

2ª Avaliación: Os pronomes interrogativos compostos (lequel, laquelle, ...). As emocións e os sentimentos. A expresión da finalidade. A narración en pasado combinando *passé composé/imparfait*, indicando duración e momento da acción. A negación II. Os animais salvaxes e o medio natural.

3ª Avaliación: As profesións: a posición do adxectivo, elaboración dun CV. Os indefinidos e os pronomes demostrativos, a cantidade. A expresión da consecuencia e da concesión. Repaso.

### OBXECTIVOS:

Este 4º curso retoma e amplía os contidos vistos en 2º e 3º ESO, de xeito que, por exemplo, revisamos as tarefas domésticas e os adxectivos para describir o carácter e así ampliar o léxico e introducir novos conceptos gramaticais, ao mesmo tempo que corriximos os erros permitidos nos inicios do estudio da lingua. Potenciaremos a autonomía á hora de iniciar diálogos e de continualos, a seguridade na comprensión oral e escrita e a reflexión sobre o propio nivel de lingua.

### METODOLOXÍA:

Empregaremos o ***Cahier d'exercices Pluriel 4*** da editorial Santillana, os recursos da aula virtual do centro e o libro dixital correspondente ao *Cahier* diariamente. Veremos os textos e escoitaremos audios para descubrir novos contidos; no caderno faremos os exercicios orais e escritos, apuntaremos as explicacións e pegaremos recortes. Traballaremos con textos cada vez menos adaptados e textos auténticos axeitados ao seu nivel.

### CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

**Criterios:**

- Participar na clase e amosar interese por avanzar na materia.
- Demostrar coñecemento dos contidos léxicos e gramaticais nas probas.
- Actitude de axuda aos compañeiros e de cooperación nas actividades da aula.

**Instrumentos:**

- 2 exames (con probas oral e escrita) en cada trimestre.
- Entrega periódica de traballos e fichas para resolver autonomamente que serán devoltos con cualificación.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

2 exames por trimestre que suporán o 60% da nota; caderno e fichas: 30%; participación e actitude en clase: 10%.

**MÍNIMOS:**

Os contidos correspondentes a léxico (por exemplo: as profesións, as tarefas domésticas, ...) e o emprego dos elementos gramaticais con algunha incorrección (por exemplo, conxugar o imperfecto ben pero facelo ás veces en lugar doutro tempo como o passé composé).

**MATERIAL NECESARIO PARA A MATERIA:**

***Cahier d'exercices Pluriel 4*** da editorial Santillana, libreta de francés de 3ºESO, se o alumno a conserva; se non a conserva ou está esgotada, unha libreta tamaño folio que non sexa demasiado grande. Ademais, bolígrafos azul e vermello, lapis, goma, tesoiras e pegamento. **É imprescindible que o alumno acuda a clase provisto de auriculares** de calquera tipo (de diadema ou de botón).